

Como uso as imaxes correctamente?

Como facer e usar fotos



As obras fotográficas están protexidas por dereitos de autor. As meras fotografías (*aquelas que non teñen a orixinalidade suficiente para ser consideradas obras fotográficas*) protéxense a través dun dereito conexo.



- Para usar obras fotográficas e meras fotografías, precísase o permiso do autor.
 - O fotógrafo pode decidir como se usan.
 - En canto se fai a foto xéranse dereitos de autor ou dereitos conexos para o fotógrafo.
 - Os nenos tamén reciben a protección polas fotos que fan e toman.



Que imaxes podo usar?

- Podes usar fotos feitas ou tomadas por ti.
- Pode estar permitido o uso de fotos feitas ou tomadas por outras persoas se
 1. Os dereitos de autor xa non están vixentes.
 - O prazo de protección dunha obra fotográfica é de 70 anos tras a morte do fotógrafo. O prazo de protección dunha mera fotografía é de 25 anos desde a súa realización.
 - En ambos os casos, os prazos comezan a contar o 1 de xaneiro do ano seguinte.



Que imaxes podo usar?

2. Cunha licenza Creative Commons.
3. Coa autorización do titular de dereitos ou da entidade de xestión que o represente, que en España é VEGAP.



Podo facer fotos?

- Poden facerse fotos en lugares públicos.
 - Os lugares públicos son, por exemplo, rúas ou parques.
 - Nos lugares públicos, tamén poden fotografarse persoas se se conta con autorización para iso.
 - Incluso nun lugar público, o propietario do lugar, p. ex., un museo, pode prohibir facer fotos.



Podo facer fotos?

- O suxeito da imaxe tamén pode negarse a que lle fagan fotos.
- Nun espazo privado, como a casa de alguén, requírese permiso para facer fotos.
- Ten en conta que facer unha foto é algo distinto a publicar unha foto.



Podo publicar unha foto?

- A publicación de fotos non debe ofender as persoas que aparecen nelas.
 - Pareceríache ben que se publicase unha foto túa semellante?
 - Atreveríaste a amosar a foto aos teus avós?
 - Para publicar unha foto, convén pedir sempre permiso ás persoas que aparecen nela.



Lembra citar sempre as fontes

- O nome do fotógrafo ou o autor da foto debe indicarse sempre no teu traballo
- Exemplo:
 - Imaxe: Nome do autor ou fotógrafo
 - Imaxe de Internet: Nome do autor ou fotógrafo. Nome da imaxe. Enderezo da páxina de Internet. Data de consulta da páxina.

